

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o **25 de novembro de 2022**.

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACION
PROVINCIAL DA CORUÑA**

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA

Asdo.: D. Valentín González Formoso

Asdo.: D. Iván Antonio Pérez Leis

**O SECRETARIO ACCIDENTAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: D. Miguel Iglesias Martínez



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 115 /2022

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA COFINANCIAR A "PROMOCIÓN DO ANO XUBILAR DE CEE"

Na Coruña, a 2 de decembro de 2022

Ante min, D. Miguel Iglesias Martínez, Secretario Accidental da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, e doutra parte, D. Iván Antonio Pérez Leis, Presidente da Asociación Amigos da Xunqueira

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA, CIF G677676811**, para o financiamento das actividades "Ano Xubilar Mariano de Cee".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE	IVE	TOTAL
Aluguer grupo electróxico para concerto	608,00	127,68	735,78
Concerto MITIC EL ESPECTÁCULO	13.500,00	2.835,00	16.335,00
Actuación Coral Airiños de Quenxe	1.000,00	0,00	1.000,00
Actuación Coral Costa da Morte	2.500,00	0,00	2.500,00
Actuación soprano Gemma Román	1.200,00	252,00	1.452,00
Concerto Rocío Caamaño	1.500,00	315,00	1815,00
Material promocional imprenta	10.000,00	2.100,00	12.100,00
Curtametraxe "O amaparo da Xunqueira"	15.000,00	3.150,00	18.150,00
Gravación discográfica	2.500,00	525,00	3.025,00
Gravación Videoclip	2.080,00	436,80	2.516,80
Publicidade Ano Xubilara en Correos	1.509,00	316,89	1.825,89
Emisión e campaña publicitaria Cadena Ser Galicia	7.070,00	1.484,70	8.554,70
Concerto Rubén de Lis	625,00	62,50	687,50
Espectáculo Bruxo Queiman sobre o camiño	4.950,00	1039,50	5.989,50
Xornada restauración arte sacro	1.500,00	315,00	1.815,00
Actuación grupo de gaitas Fumes do Cal	800,00	0,00	800,00
Actuación Dúo musical	500,00	105,00	605,00
Festa infantil (obradoiros e xogos)	550,00	115,50	665,50
Actuación CDC Disco Movil	2.200,00	220,00	2.420,00
Concerto Banda de Música de Cee	3.900,00	0,00	3.900,00
Actuación grupo Folk Peta Forte	580,00	0,00	580,00
Concerto rapeiro Grilex	1.100,00	231,00	1331,00
Actuación Le Choeur de l'Immaculée	5.000,00	0,00	5.000,00
Actuación Corual Macarena Sevilla	5.000,00	0,00	5.000,00
Actuación Coral conservatorio Tomelloso	3.200,00	0,00	3.200,00
Realización vídeo Cee Ano Xubilar en Fitur	3.000,00	630,00	3.630,00
Equipos luz e son agrupacións danza	2.000,00	420,00	2.420,00
Escenario e grupo electróxico agrup. danza	2.043,00	429,03	2472,03

Escenario luz e son PEJ (2 días)	3.550,00	745,50	4.295,50
Escenario PEJ (2 días)	3.420,00	718,20	4.138,20
Realización 2 vídeos actividades Ano Xubilar	991,74	208,26	1.200,00
TOTAL			120.159,30
OUTROS GASTOS ANO XUBILAR XUNQUEIRA 2022			
Gastos oficina	40,00	8,40	48,40
Seguros RC	283,45		283,45
Gastos bancarios	495,87	104,13	600
Gastos gasolina	99,17	20,83	120
TOTAL			1.051,85

TOTAL GASTOS PREVISTOS			121.211,15
-------------------------------	--	--	-------------------

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de **33,00026 %**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 33,00026 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3343/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación a ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada á ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - 2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
 - 3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
 - 4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - 5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
 - 6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- A ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas

neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderán realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIONS.

1. O incumplimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)
3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REGISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA DE CARRAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2022, sen que en ningún caso sexán subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 31 de xullo do ano 2023, sempre e cando exista crédito para tal fin.**
2. A ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA deberá presentar a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2023.**
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.